



# **B A N D O**

**D. CÉSAR LONGO QUEIJO, ALCALDE  
PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADERNE,  
FAI SABER:**

En aplicación do disposto nos Decretos da prórroga do Estado De Alarma 555/2020, polo cal dita prórroga se extenderá ata as 00.00 horas do día 21/06/2020, e Real Decreto 21/2020 de 9 de xuño polo cal se establecen as medidas urxentes de prevención, contención e coordinación necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como previr novos rebrotes, con vistas á superación da fase III do Plan para a Transición hacia unha Nova Normalidade , e que afecta ao concello de Paderne, pola presente se informan as novas medidas que este Concello debe adoptar de inicio á apertura plena ao público da Casa Consistorial a partires do 22 de xuño de 2020, sen prexuízo das que débense alterar, pola normativa nova que poda xurdir e previa recomendación dos Servizos de Prevención e Saúde ao servizo deste Concello.

O Concello de Paderne, en atención á normativa exposta está a adaptar as súas instalacións na casa Consistorial, co obxecto de dar cumprimento a todas as medidas de seguridade legalmente impostas, debendo respectarse as seguintes instrucións:

1.- Os servizos de atención ao público do Concello de Paderne, que son Servizos Sociáis, Servizos Urbanísticos e Axencia de desenvolvemento local , requirirán de cita previa que se concederá mediante teléfono ou Sede Electrónica , así como para a obtención de certificacións catastráis .

2.- En ningún caso , a atención ao público poderá conlevar a permanencia de mais de 2 persoas no habitáculo onde se dispense dita consulta.

3.- Os veciños e demais administrados deberán cumprir coa normativa en vigor de distanciamento social , así como co uso de mascarillas e limpeza de mans para o que se están a instalar dispensadores nas oficinas do Concello.

4.- Para a atención con presentación de documentación no Concello de Paderne, recoméndase o uso da Sede Electrónica ( <https://sede.concellodepaderne.es/opencms/es/> ). No caso de non poder acceder electrónicamente, poderase facer por correo ordinario nas oficinas de correos ou mensaxería calquera. Para o acceso presencial a oficinas para presentación de documentación ou solicitude , no caso de non poder facer uso das dúas anteriores opcións, non poderá haber mais de dous persoas no interior en espera da atención polas oficiñas para a seguridade de todos.

5.- Para calquera outra xestión, consulta sobre expedientes abertos ou calquera outro trámite, levarase a cabo de xeito obrigado por escrito, por calquera dos canles previstos no punto 4.

O ALCALDE.- Asinado electrónicamente.-